

Co obxectivo de recuperar as tradicións de Chapela, a Asociación Cultural e Social desta localidade redondelana creou en 1994 unha escola de pandeireteiras, da que naceu o grupo Semente Nova. Este colectivo conta na actualidade con 25 persoas que interpretan e recollen as antigas cantigas que compoñían a banda sonora da localidade noutro tempo, á vez que rescatan do esquecemento os traxes tradicionais e os distintos obxectos que se utilizaban a modo de instrumentos musicais para acompañar as voces e o ritmo das pandeiretas.



Compoñentes: Isabel Rodríguez Álvarez, Mercedes López Domínguez, Gladys Núñez Rodríguez, Vanesa Pedrosa Núñez, María José Landesa Sarmiento, Cristina Castro Fonseca, Miguel González Portela, Oliva Álvarez Martínez, Elena Peixoto Rodríguez, Eva Casal Páramo, Nuria Portela Otero, Olga Álvarez Iglesias e María Eugenia Lago Cabaleiro.

Semente Nova de Chapela

Recuperar a tradición. Ese é o propósito do Grupo de Pandeireteiras Semente Nova, unha agrupación que naceu ao abeiro da Asociación Cultural e Social de Chapela e que recolle cantigas e costumes antigos e as fai revivir ao son das pandeiretas, tal e como -durante séculos- fixeron os moradores destas terras.

Con esta premisa, o grupo propúxose recuperar as cantigas, a vestimenta e os 'instrumentos' que utilizaban as xeracións pasadas para contar historias ao ritmo de golpes acompañados. Así, con todos os datos recollidos, en cada actuación do grupo reviven estas tradicións que se remontan a tempos inmemoriais, cando as mulleres, tras facer o seu traballo, empregaban o seu tempo de ocio cantando e bailando coa axuda de improvisados instrumentos.

Concretamente, a formación musical comezou a súa andaina o 6 de agosto de 1994 e ten a súa sede

[repOrtaxe] O grupo iniciou a súa andaina en agosto de 1994 da man da Asociación Cultural e Social de Chapela e actualmente conta con 25 compoñentes

[escribe C. Fernández, M. Balo | fotografía SN | DP]

no Multiusos do Barrio Igrexia s/n, na parroquia de Chapela, Redondela, sendo unha máis das actividades que se desenvolven na entidade.

Escola de pandeireteiras | Nos seus inicios, Semente Nova comezou como Escola de Pandeireteiras, baixo a dirección de Emilio Sotelino. Tras un ano e medio de aprendizaxe e ensaios, o grupo fixo a súa primeira presentación pública en decembro de 1995.

Nesta primeira actuación, a formación Semente Nova de Chapela estivo apadrinada polos grupos de pandeireteiras de Cantigas e Agarimos, de Santiago de Compostela, e por Maliaxe, do grupo de Coros e Danzas Lembranzas Galegas, da cidade olívica.

Dentro da historia da formación, en febreiro de 1997 aconteceu un cambio na dirección de Semente Nova, poñéndose á fronte da mesma Francisco X. Vicente.

A partir desta data, o grupo comezou un longo traballo de recolleita de antigas tradicións e ensaios para recuperalas ao son da música, facendo revivir as cantigas que cantaban os maiores da localidade nas múltiples actuacións que este grupo fixo por toda Galicia e polo Norte de Portugal.

En setembro de 2000 o grupo cambiou novamente de dirección, da que se fixo cargo a mestra Beatriz Cela Rojo, que, once anos despois, segue á fronte de Semente Nova.

25 componentes | Actualmente, o grupo está composto por un total de 25 persoas, cuxas idades oscilan entre os 18 e os 60 anos. Liderados por Beatriz Cela, cada xoves reúnen para traballar a prol da recuperación dos costumes populares. Aínda que os ensaios só duran dúas horas, o seu amor polas tradicións galegas non ten límite. Así o demostran en cada unha das

mpmáis



MIL PRIMAVERAS MÁIS